

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E HH. OBLATAS DE FERROL PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE INFORMACIÓN, PREVENCIÓN E SENSIBILIZACIÓN EN MATERIA DE VIOLENCIA SEXUAL, TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL E EXPLOTACIÓN SEXUAL, ASÍ COMO DE APOIO ÁS SÚAS VÍTIMAS, PREFERENTEMENTE ENTRE MULLERES INMIGRANTES, RESIDENTES NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

REUNIDOS

Dunha banda, Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

E doutra, M^a Felicidad Martínez Morán, que actúa en nome e representación de HH Oblatas de Ferrol (NIF R1500092J), en virtude da súa condición de representante legal da entidade, de acordo co nomeamento outorgado segundo o disposto nos seus estatutos tal como consta no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais.

Todas as partes recoñécense a súa capacidade para obrigarse e convir e,

EXPOÑEN

Primeiro

Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Segundo

Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Terceiro

Que a Consellería de Política Social e Igualdade, de conformidade co Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e



Igualdade ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero.

Cuarto

Que a Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, recolle no seu artigo 3 que a violencia sexual, a trata con fins de explotación sexual e a explotación sexual, son formas de violencia de xénero.

Ademais, establece no seu artigo 6 que o departamento competente en materia de igualdade, en coordinación cos restantes departamentos da Xunta de Galicia, porá en marcha de xeito periódico, campañas de información e sensibilización que teñan como obxectivo mudar os estereotipos sexistas, e que incidan no rexeitamento social sobre todas as formas de violencia de xénero.

E no seu artigo 7.2 dispón que o departamento competente en materia de Igualdade establecerá axudas económicas destinadas a que o movemento asociativo en Galicia desenvolva actividades que promovan a prevención e a erradicación da violencia de xénero.

Quinto

Que a proporción de mulleres estranxeiras en España vítimas de violencia de xénero, e especificamente de violencia sexual, trata e explotación sexual, ao igual que a proporción de agresores estranxeiros supón unha sobre-representación respecto ao peso demográfico de mulleres e varóns estranxeiros en España.

Sexto

Que entre as causas que axudan a analizar a orixe desta situación atópanse por un lado as referencias sobre a desigualdade entre homes e mulleres máis manifestas nalgúns dos lugares de procedencia dunha parte da poboación estranxeira, o que motiva que o recurso á violencia se revista de lexitimidade e normalidade para os agresores, e tamén para as vítimas, e por outro, as especiais circunstancias nas que se atopan en moitas ocasións as mulleres estranxeiras, o que orixina unha inseguridade e dificultade superior á das mulleres españolas á hora de romper coa espiral de violencia.

Sétimo

Que a entidade HH. Oblatas de Ferrol figura recoñecida e inscrita no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais da Consellería de Política Social e Igualdade co número E-1702, e forma parte da Rede Galega contra a Trata.

A dita entidade ten unha acreditada experiencia no desenvolvemento de programas de atención a vítimas de violencia de xénero, preferentemente inmigrantes.



Ten como finalidade, segundo os seus estatutos, acoller e instruír a mulleres calquera que sexa a súa idade, condición ou circunstancia. E segundo o marco común dos proxectos sociais da entidade, a súa misión desenvólvese en dúas vertientes : favorecer o desenvolvemento integral e a autonomía das mulleres que exercen a prostitución, viven situacións de exclusión e de inxustiza; contribuíndo á realización persoal e á súa integración social e laboral; e traballar pola sensibilización e a transformación social, denunciando situacións de inxusticia social que afecten ás mulleres.

No ano 2024 a entidade ten previsto desenvolver accións de información, prevención e sensibilización en materia de violencia sexual, trata con fins de explotación sexual, así como de apoio ás súas vítimas, preferentemente mulleres inmigrantes residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

Oitavo

Que a concesión directa da subvención por parte da Consellería de Política Social e Igualdade a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder realizar accións de información, prevención, sensibilización da violencia sexual, trata e explotación sexual, preferentemente entre mulleres inmigrantes, a través das entidades que forman parte da Rede galega contra a trata, todas elas con acreditada experiencia nesta temática, tendo en conta que son as únicas entidades en Galicia reunidas nunha organización como a Rede Galega contra a Trata, con acreditada experiencia na referida problemática, atención directa ás vítimas, entradas nos clubs e pisos nos que se exerce a prostitución e onde se teñen detectado vítimas de trata de seres humanos, así como cunha colaboración estable de todas as entidades que integran a Rede coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado no caso de redadas policiais e asistencia ás vítimas xustifican a non procedencia dunha convocatoria pública.

As actuacións previstas subvencionadas ao amparo deste convenio son complementarias e non coincidentes coas realizadas en virtude da subvención a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de proxectos de atención social integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual, preferentemente inmigrantes, e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, convocadas pola Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade do 19 de decembro de 2023. As actuacións obxecto deste convenio, non poden ser subvencionadas pola indicada convocatoria debido á natureza dos fondos que financian esas axudas (*Fondo Social Europeo Plus no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027*), que esixen a identificación nominativa de cada unha das mulleres participantes nos ditos proxectos de atención social integral, pero que se amosan de enorme importancia na prevención da violencia sexual, trata



e explotación sexual, entre a poboación inmigrante.

O financiamento deste convenio enmárcase nos fondos da Conferencia Sectorial de Igualdade correspondente á Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, nos que se prevé expresamente o apoio a mulleres vítimas de agresións e/ou abusos sexuais. Os contextos nos que viven e nos que son detectadas moitas das vítimas de trata e de explotación sexual (clubes, pisos ou rúa) imposibilitan, na meirande parte das ocasións, a súa identificación, ao que se engade a situación administrativa irregular na que se atopan moitas delas, o que as coloca nunha situación de máxima vulnerabilidade que lles impide o acceso a servizos normalizados, tanto de información como de apoio, incluídas axudas económicas directas para cubrir as súas necesidades básicas e puntuais (alimentación, vivenda ou gastos médicos).

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan, acordan asinar o presente convenio en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a entidade HH Oblatas de Ferrol, a través da concesión directa dunha subvención a dita entidade, para o desenvolvemento de accións de información, prevención e sensibilización en materia de violencia sexual, trata con fins de explotación sexual e explotación sexual así como de apoio ás súas vítimas, preferentemente entre mulleres inmigrantes, residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

A súa finalidade principal é contribuír á transmisión de valores igualitarios e á ruptura de estereotipos de xénero, fundamentalmente entre as mulleres inmigrantes, así como accións de información, a través de todas as vías que favorezan o coñecemento dos recursos e servizos existentes para a atención ás vítimas da violencia sexual, trata con fins de explotación sexual e explotación sexual, realizando a máxima difusión dos mesmos entre a poboación inmigrante, así como prestar apoio directo ás vítimas.

SEGUNDA. ORZAMENTO

A previsión do orzamento de gastos para a realización das actuacións que ten previsto desenvolver a entidade HH Oblatas de Ferrol, ascende á cantidade de 15.000,00 euros.

Para sufragar os gastos derivados das actuacións subvencionadas a través do presente convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade aboará á entidade HH Oblatas de Ferrol a cantidade máxima de quince mil euros (15.000 euros), con cargo á aplicación orzamentaria 38.06.313D.481.1 (código de proxecto 2012 00931) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.



O financiamento deste Convenio enmárcase nos fondos da Conferencia Sectorial de Igualdade, correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia.

A entidade destinará as achegas feitas pola Consellería de Política Social e Igualdade, a sufragar os gastos correntes derivados das accións desenvolvidas subvencionadas no marco deste convenio.

De non xustificaren o importe total da subvención concedida, e sempre e cando se acadase a súa finalidade, a Consellería de Política Social e Igualdade minorará a súa achega proporcionalmente ao importe xustificado.

TERCEIRA. GASTOS SUBVENCIONABLES

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e que sexan realizados e pagados entre o **1 de xaneiro de 2024 e o 30 de novembro de 2024**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Serán subvencionables:

- os gastos destinados ao desenvolvemento de accións de información, prevención e sensibilización en materia de violencia sexual, trata con fins de explotación sexual e explotación sexual, non poderá ser inferior ao 25% do importe do convenio.
- os gastos de persoal da entidade vinculados directamente ao desenvolvemento das actuacións subvencionadas a través deste convenio, así como as axudas de custo e gastos de viaxe do persoal propio da entidade que desenvolve as actuacións, necesarias para a súa realización.

O importe máximo de cada axuda de custo ou gasto de viaxe, a efectos de xustificación, será o establecido para o grupo 2º na Resolución do 24 de novembro de 2023, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 23 de novembro de 2023, polo que se actualizan os importes das dietas por razón do servizo en territorio nacional para gastos por aloxamento e manutención e da indemnización por uso de vehículo particular para o persoal empregado público da Xunta de Galicia.

Os gastos de persoal da entidade vinculados directamente ao desenvolvemento das actividades a subvencionar a través deste convenio, incluídas as axudas de custo e gastos de viaxe, non poderán superar o 30% do importe do convenio.

- axudas económicas directas ás vítimas de violencia sexual, trata con fins de explotación sexual e de explotación sexual para cubrir necesidades básicas e puntuais de aloxamento, alimentación e hixiénico-sanitarias, para os casos de urxente desamparo.



As axudas económicas directas terán unha contía máxima subvencionable de 1.500 € por persoa.

CUARTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1. A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase a través de conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro de subvencións de Galicia, mediante a presentación da seguinte documentación:

a) **Memoria de actuación**, subscrita polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, número de persoas usuarias ata a data, e dos resultados obtidos. Como anexo a dita memoria deben achegar unha ficha cuantitativa segundo o modelo facilitado pola Consellería de Política Social e Igualdade. Así mesmo remitirase a dita memoria co anexo en formato editable.

b) Mostra de todos os materiais elaborados ao abeiro das actuacións subvencionables a través do convenio, nos que deben figurar os logos da **Xunta de Galicia e do Ministerio de Igualdade**.

c) **Unha memoria económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà:**

1º. Certificación expedida polo órgano competente da entidade, dos gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, o número de factura ou recibín no caso das axudas directas, concepto, importe, porcentaxe imputada ao convenio e importe imputado ao convenio.

No caso dos custos de persoal a certificación incluírá unha relación nominal dos traballadores/as que se inclúen como xustificación das actuacións a subvencionar a través deste convenio que deberá indicar alomenos os seguintes datos: mes que se xustifica, apelidos, nome, e NIF da persoa traballadora, importes, data de pagamento, porcentaxe de imputación e importe mensual total imputado

2º. Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Acompañarase unha declaración asinada polo órgano competente da entidade indicando que as facturas orixinais están en poder da entidade.

A xustificación do pagamento farase mediante xustificantes bancarios (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso de efectivo por portelo, certificación bancaria, etc., no caso de pagamento; no caso de pagamentos mediante cheque bancario, que será sempre nominativo, xuntarase a este a copia do extracto bancario onde figure o



cargo en conta do dito cheque) en que consten o número de factura obxecto de pagamento, a identificación da persoa pagadora e da destinataria do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emite a factura. No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberán identificarse no documento do pagamento as facturas das que é obxecto.

De xeito particular terase en conta o seguinte:

2º.1. Para xustificar os custos de persoal deberanse achegar os documentos que acrediten os custos de persoal: copia das nóminas e documentación xustificativa do seu pagamento, e relación nominal de traballadores (RNT) e o seu pagamento (xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social (RLC) correspondentes aos meses imputados e impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190) Ademais deberán achegar unha certificación, asinada polo/a representante legal da entidade coa descrición das tarefas concretas que foron desempeñadas, o tempo que se destinou a elas e grao de imputación.

No caso de contratación mercantil achegaranse as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente así como os correspondentes xustificantes bancarios acreditativos do seu pagamento.

2º.2. Para a xustificación das axudas de custo e gastos de viaxe, deberán achegar unha folla de liquidación de axuda de custo asinada pola persoa traballadora e a/o representante da entidade acompañada dos correspondentes xustificantes dos gastos e do seu pagamento.

2º.3. Para a xustificación das axudas económicas directas, tendo en conta a especial vulnerabilidade e situación das persoas destinatarias finais, achegarse a seguinte documentación:

- Recibín asinado pola beneficiaria, no que consten os seus datos, o importe e a finalidade da axuda (alugueiro, alimentación, produtos farmacéuticos ou de hixiene, roupa, etc..) e modo no que recibe a axuda.
- Xustificante bancario do pagamento agás imposibilidade de aboamento da axuda mediante transferencia bancaria ou cheque, neste caso indicarse no recibín o motivo da imposibilidade do pagamento mediante transferencia bancaria ou cheque nominativo.

Dada a especial vulnerabilidade e situación das persoas destinatarias finais (víctimas de trata con fins de explotación sexual e explotación sexual) para a xustificación do pagamento das axudas económicas directas aceptárase a xustificación mediante recibín, que terá carácter excepcional, e só será admisible para gastos por importes inferiores a 1.000 euros, e só para aqueles casos nos que se xustifique a imposibilidade do pagamento mediante transferencia bancaria ou cheque nominativo. Indicarase no recibín da axuda o motivo da imposibilidade do pagamento mediante transferencia bancaria ou cheque nominativo.



2º.4. Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que conleven ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflicta o importe da retención ou cotización devindicadas na data de xustificación, quedando a entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.

3º. Declaración responsable de non ter solicitado ou percibido outras axudas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

4º. Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

2. A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da dirección xeral competente en materia de violencia de xénero, poderá consultar a través de medios de interoperabilidade os datos elaborados polas administracións públicas sobre a situación de que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, agás que medie oposición expresa da entidade, en cuxo caso a entidade deberá achegar a documentación que a continuación se relacionan, ou ben presentar unha declaración de conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño:

- a) Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).
- b) Certificación positiva de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma, expedida pola Axencia Tributaria de Galicia.
- c) Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, expedida pola Tesourería da Seguridade Social.

3. A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 30 de novembro de 2024, e deberá presentarse na Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade con data límite do 2 de decembro de 2024.

QUINTA. PAGAMENTO ANTICIPADO E PAGAMENTOS A CONTA



Poderanse realizar pagamentos anticipados que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións previstas, atendendo aos límites máximos establecidos no artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que recolle que :*“Cando o importe da subvención non supere os 18.000 euros as bases reguladoras poderán prever a concesión de pagamentos anticipados de ata un 80% da subvención concedida e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. Cando o importe da subvención concedida supere os 18.000 euros as bases reguladoras poderán prever, ademáis, pagamentos anticipados dun 10% adicional sobre o importe que exceda os 18.000 euros e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.”*

Poderase realizar un anticipo do 80% da totalidade da subvención, previa solicitude da entidade, unha vez asinado o presente convenio.

Así mesmo, poderanse realizar pagamentos a conta por un importe de ata o 80% do importe da subvención conforme ao artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo da execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para proceder ao seu pagamento, a entidade deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula quinta, agás a memoria de actuación.

Segundo o sinalado no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o importe conxunto dos pagamentos a conta e dos pagamentos anticipados que, de selo caso, se concederan non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos artigos 62.3 e 67 do mesmo corpo legal, quedan exonerados da constitución de garantías os beneficiarios e as beneficiarias de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, transferencias correntes, destinados a familias e institucións sen fins de lucro.

SEXTA. TRAMITACIÓN NA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA

A documentación relativa á tramitación deste convenio presentarase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregarase o procedemento PR004A, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin cun modelo electrónico normalizado.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.



No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

SÉTIMA. NOTIFICACIÓNS

As notificacións practicaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

OITAVA. OBRIGAS

A entidade HH Oblatas de Ferrol, como entidade beneficiaria da subvención, comprométese a:

- a) Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o obxecto da concesión da subvención, e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a dita concesión, sen percibir ningunha remuneración por parte das persoas usuarias deste programa.
- b) Realizar a divulgación das actuacións segundo as instrucións que determine a Consellería de Política Social e Igualdade e facer constar expresamente en toda a publicidade ou presentación pública que se realice a colaboración técnica e financeira que presta a Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade e o Ministerio de Igualdade-Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero, utilizando correctamente a identificación da Xunta de Galicia e do Ministerio citado.
- c) Empregar a lingua galega en todas as actuacións derivadas do servizo a subvencionar a través do presente convenio, incluíndo a información en páxinas web. Non obstante o



anterior, empregarase a lingua castelán se esta é a elixida pola persoa interesada.

d) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

e) Cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

f) Comunicar á Consellería de Política Social e Igualdade calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

g) Reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

h) Subministrar á Consellería de Política Social e Igualdade, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Consellería de Política Social e Igualdade, das obrigas previstas no Título I da citada lei. O incumprimento desta obriga determinará, se é o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no número 4 do citado artigo.

i) Tratar dun xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e a non utilizar ningún dato desa información de maneira distinta ao obxecto do presente convenio. Así mesmo queda obrigado a manter de forma confidencial e a non revelar ningún dato da información coñecida sen o consentimento previo da Consellería de Política Social e Igualdade.

j) As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

NOVENA. COMPATIBILIDADE

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

DÉCIMA. VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024, non obstante financiaranse os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2024 ata o 30 de novembro de 2024, sempre e cando correspondan a actuacións a subvencionar.



DÉCIMO PRIMERA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

1. Para levar a cabo os obxectivos e fins das actuacións a subvencionar a través deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento previsto no presente convenio, o persoal que no seu caso, precise para o desenvolvemento das ditas actuacións.

2. A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto e a Consellería de Política Social e Igualdade de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este órgano ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

DÉCIMO SEGUNDA. MODIFICACIÓN, REVOGACIÓN, E REINTEGRO

1. A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na Lei 38/2003, do 17 novembro.

2. Ao abeiro do artigo 14.1n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga da xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

3. Será causa de extinción deste Convenio

a) O incumprimento inxustificado, total ou parcial, dos compromisos establecidos.

b) O mutuo acordo, que deberá ser motivado e manifestado por escrito antes da finalización do Convenio

c) A desaparición das causas que motivaron a sinatura do Convenio.

d) As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fose o caso, o reintegro total o parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devindicados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.



4. De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

DÉCIMO TERCEIRA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

1. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derivada da xestión da concesión directa da subvención a través do dito convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

3. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

4. A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.



6. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO CUARTA. PUBLICIDADE

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO QUINTA. RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e subsidiariamente, e para o caso de plantexarse dúbidas ou lagoas, polos principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

En todo caso, o Convenio non se atopa comprendido en ningún dos contratos regulados pola Lei 9/2017, de 8 de novembro.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998,



do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO SEXTA. SEGUIMIENTO E CONTROL

1. Para o seguimento e coordinación das actuacións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes de HH Oblatas de Ferrol designadas polas persoas que representen a cada unha das partes así como os seus suplentes.
2. A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero.
3. A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia será unha persoa adscrita á Dirección Xeral competente en materia de violencia de xénero designada pola persoa que asuma a Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.
4. Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia

E en proba de conformidade as partes asinan este convenio no lugar e data da súa sinatura dixital

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E
IGUALDADE

A REPRESENTANTE DE HH. OBLATAS
DE FERROL

Fabiola García Martínez

M^a Felicidad Martínez Morán,

